

<p style="text-align: center;">BASES LEGAIS CONCURSO DE DEBUXO INFANTIL “FLORIPOSA COIDA O FONDO MARIÑO”</p>

Art. 1 – Empresa Organizadora

A rede de supermercados “Gústame ir ao Súper” (Plenus e Aquíé) convoca un Concurso de Debuxo Infantil que, nesta edición 2023, ten como tema: *Floriposa descobre o fondo mariño*.

Art. 2 – Modo de participación e duración

Na liña de caixas de cada supermercado, entregaráselle unha lámina a todas aquelas persoas que o desexen para que poidan participar as nenas e nenos que queiran.

Poderán participar todos os nenos e nenas que non superen os 12 anos de idade na data de comezo do concurso, 2 de maio de 2023.

Os debuxos poden entregarse nos supermercados Aquíé e Plenus dende o martes 2 de maio ata o sábado, 27 de maio de 2023, data límite de recepción dos debuxos.

Cada participante poderá escoller a técnica, cores e materiais que desexe para plasmar a súa idea, sempre aplicados á lámina de participación facilitada polo establecemento.

As láminas deberán ir cubertas cos datos que se solicitan nelas. Estes datos servirán para identificar o/a autor/a e poder contactar con el/a no caso de resultar premiado/a, así como xustificante de que participa co consentimento do/a pai, nai ou titor/a legal. Os datos quedarán rexistrados no arquivo histórico do concurso, pero non se incluírán en ningunha base que poida utilizalos con fins comerciais ou de calquera outra índole.

Non se permite a participación de empregados/as do Grupo Cuevas (conformado por Ignacio de las Cuevas S.A., Cuevas y Cía S.A., Frunatur S.A., Tomóvil Cuevas S.A. e Cartera Inmobiliaria Cuevas S.L.) ou daquelas persoas que teñan relación de parentesco ata segundo grao de consanguinidade.

Art. 3 – Premios

Establécense 3 premios: primeiro, segundo e terceiro. O primeiro premio consistirá en 3 entradas para acceder a un Aquapark (Cerceda (Galicia), Amarante ou Vila Real (Norte de Portugal) que determinará a organización do concurso. A organización non se fará cargo dos gastos de desprazamento (ida e volta) ata o Aquapark nin dos gastos que se produzan derivados do mesmo e

do desfrute da xornada. A data das entradas ao Aquapark será determinada pola organización en acordo co Aquapark e a súa disponibilidad.

O segundo e terceiro premio consistirá nun agasallo adaptado a idade dos gañadores e estará relacionado co desenvolvemento da súa creatividade.

A aceptación do premio supón a cesión gratuíta a favor de Ignacio de las Cuevas S.A. de todos os dereitos que poida exercer sobre o debuxo, por parte do/a autor/a e titor/a legal.

O/a autor/a e mais o/a titor/a legal consenten en que o debuxo poida ser interpretado e adaptado por Ignacio de las Cuevas S.A., para facilitar os procesos de produción, reprodución e uso.

Art. 4 – Xurado

Ignacio de las Cuevas asignará un xurado formado por 3 persoas: unha do mundo da educación/cultura, outra do mundo a política/organizacións infantís e outra do ámbito interno da propia empresa. Os seus datos faranse públicos no momento de publicación dos gañadores.

Art. 5 – Comunicación e entrega do premio

O supermercado porase en contacto cos/as gañadores/as para comunicarlles a súa condición de premiados/as e indicarlles a data e hora da entrega do premio.

A participación neste concurso presupón a aceptación das bases, así como a autorización por parte dos pais, nais ou tutores/as legais para publicar e expoñer os debuxos presentados, o nome do/a autor/a e as fotografías tomadas no acto de entrega de premios.

Art. 6 – Protección de datos

A normativa europea sobre Protección de Datos busca reforzar o dereito á intimidade e privacidade das persoas. En virtude deste, os seguintes apartados explican como e para que se van a empregar os datos persoais dos participantes no presente Concurso.

Responsable do tratamento de datos:

O responsable é Ignacio de las Cuevas S.A.

Datos que se tratan:

A través de obter o gañador, recábanse os seguintes datos: nome e apelidos, idade, nome e apelidos do responsable do menor, parentesco, tlf de contacto e email.

En caso de que, como ocasión do concurso, se realizara a grabación de imaxes/audios, estes datos tamén serán obxecto de tratamento.

Finalidade do tratamento e destinatarios dos datos:

Trátase dos datos persoais do participante para poder xestionar a súa participación no “concurso de debuxo infantil: Floriposa coida do Medio Ambiente” organizado por Ignacio de las Cuevas S.A, para clientes dos seus supermercados.

No caso de que, con ocasión do concurso, se realizara a grabación de imaxes/sons do participante, os datos proporcionados poderanse comunicar a terceiros cos seguintes fins:

- A publicación das imaxes/audios na Intranet privada da empresa.
- A publicación das imaxes/audios en redes sociais de Grupo Cuevas e marcas asociadas.
- A publicación das imaxes/audios nunha posible revista, blog ou outro material/soporte corporativo.
- A comunicación das imaxes/audios a medios de comunicación.
- A publicación das imaxes/audios en feiras, congresos ou actos nos que participe Grupo Cuevas.

Conservación

Gardaranse os datos mentres o participante non solicite expresamente a súa supresión. Neste caso, suprimiranse coas medidas de seguridade adecuadas.

Lexitimidade

O mero feito de cumprimentar a solicitude de participación no concurso lexitima a Ignacio de las Cuevas S.A. para o tratamento dos datos persoais facilitados. De non poder tratar estes datos, no se podería xestionar a participación no mencionado concurso.

En caso de que, con ocasión do concurso, se realizara a grabación de imaxes/audios, o tratamento queda lexitimado pola autorización firmada do participante.

Dereitos

O participante poderá exercer os dereitos que se indican a continuación en calquera momento e de forma gratuíta, dirixíndose a:

Ignacio de las Cuevas S.A,

Cidade do Transporte. Parc. E1 F1, Polígono San Cibrao das Viñas, Código Postal 32901 de San Cibrao das Viñas. Ourense.

protecciondatos@grupocuevas.com

Para atender a solicitude, será necesario que o participante acredite a súa identidade, facilitando copia do documento nacional de identidade, así como o dereito que desexa exercer.

O participante poderá exercer os seguintes dereitos:

- Dereito a solicitar o acceso os seus datos persoais
- Dereito a solicitar a súa rectificación
- Dereito a solicitar a súa supresión

- Dereito a solicitar a limitación do se tratamento
- Dereito a oporse ó tratamento
- Dereito a portabilidade dos datos

Máis información sobre estes dereitos na Política de Privacidade dispoñible na web www.grupocuevas.com

Art. 7 – Aceptación das bases e responsabilidade

1. O mero feito de participar no concurso implica a aceptación íntegra das presentes Bases.
2. Ignacio de las Cuevas resérvase o dereito a modificar as Bases do concurso, parcial ou totalmente en calquera momento, así como anulalo.
3. A organización resérvase o dereito a excluír da participación no concurso a todos aqueles participantes que, estime, están incumprindo calquera condición de participación nas presentes bases. A exclusión dun participante, calquera que sexa a causa, conleva a perda de todos os dereitos derivados da súa condición como tal.
4. Calquera utilización abusiva ou fraudulenta destas Bases dará lugar a conseguinte descalificación do participante no concurso. A título enunciativo pero non limitativo, entenderase que se produce abuso ou fraude, cando un participante falsee os seus datos de idade ou empregue identidades de terceiros sen o seu consentimento.
5. Ignacio de las Cuevas queda eximido de calquera responsabilidade no suposto de existir algún erro nos datos facilitados polos propios participantes que impida a súa identificación.

Art. 8 –Xurisdición competente

Para a resolución de calquera controversia suscitada entre a entidade organizadora e calquera participante que non fora resolta conforme o indicado no parágrafo anterior, serán competentes os Xulgados e Tribunais da cidade de Ourense (España), renunciando expresamente os participantes ao foro que por Lei lles puidera corresponder.

Art. 8 - Datos de contacto

Ignacio de las Cuevas S.A,
Ciudad del Transporte. Parc. E1 F1, Polígono San Cibrao das Viñas, Código Postal 32901 de San Cibrao das Viñas. Ourense.

marketing@grupocuevas.com